

DECÁLOGO DOS PAIS COMA EDUCADORES

- 1.- Os pais somos os primeiros e máis importantes educadores dos nosos fillos.
- 2.- Amosaremos coas nosas vidas ou que queiramos transmitir aos nosos fillos/as dando exemplo. Aceptarémoslos e respectarémoslos tal e coma son. Non podemos facelos a nosa medida ou como nos.
- 3.- Estableceremos normas e límites razoados e consensuados conxuntamente sen contradicirnos, para non desconcertalos e que nos respecten. Se non sabemos gañar o respecto dos nosos fillos cando son pequenos, non o imos conquistar cando sexan adolescentes.
- 4.- Se sobreprotexemos aos nosos fillos/as, os incapacitaremos para relacionarse cos demais e adaptarse á vida real.. Tenden a desenvolver cadros de ansiedade, inseguridade e timidez, posto que os facemos egocéntricos e non teñen habilidades para enfrontarse ao mundo exterior.
- 5.- Manteremos un clima de liberdade e responsabilidade. Ser responsable significa anticiparse ás consecuencias facendo boas eleccións e facéndose cargo dos erros. É necesario darlle a cada fillo a responsabilidade que poida asumir pola súa madurez.
- 6.- Procuraremos suavizar as tensións. Axudarlles a controlar as súas emocións anticipándose a elas e observando as consecuencias. Teremos paciencia. Non busquemos resultados inmediatos. Cada vez cos seus actos nos fagan perder a paciencia, lembrarémonos de cando tiñamos a súa idade.
- 7.- O mellor educador é quen mellor disimula o seu papel coma tal e a familia funciona e está satisfeita. Comunicarémonos habilidosamente a través do diálogo e a información, que son as claves do éxito dunha correcta educación.
- 8.- Amosaremos interese positivo polas súas tarefas escolares. Supervisaremos os deberes escolares e valoraremos o seu esforzo. escoitarémoslos e manterémonos en contacto cos seus profesores.
9. Conqueriremos que nos acepten pola nosa proximidade e forma de ser, endexamais polas nosas imposicións ou autoritarismo. Lembraremos os tres R: respecto por min mesmo, respecto polos demais, responsabilidade por todos os nosos feitos.
10. Os pais estaremos incondicionalmente á beira dos fillos/as para integralos na sociedade e tentar, na medida do posible, que sexan felices. . Proporemos obxectivos alcanzables, pois o segredo da felicidade está nas cousas sinxelas.